



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 24 DE OUTUBRO DE 2014.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e catro de outubro de dous mil catorce, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz (que se incorpora cando se sinala)
- D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 23 de xullo, 12 de setembro e 3 e 13 de outubro de 2014, ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes nela.

PUNTO 2.- ACORDOS

Visto que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 4 de xullo de 2014 acordou realizar o investimento denominado "Instalación de elevador para eliminación de barreiras na Casa de Oficios" con cargo ó Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, e

Visto que dito proxecto non é posible executalo, a Xunta de Goberno Local ACORDA modificar a finalidade desta subvención de tal xeito que se resolve o seguinte:

De acordo cas Bases do Plan Urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Realizar o investimento denominado "Reparación do peche perimetral do campo de fútbol municipal".
- 2.- Aprobar o proxecto denominado "Reparación do peche perimetral do campo de fútbol municipal".



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- 3.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 20.500,00 € con cargo ó Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2014.
- 4.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de 0 €; o órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.
- 5.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de outubro de 2014 comunicando a sentenza ditada o 2 de outubro de 2014 polo que o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 46/14 entablado por D. LUIS FERNANDO GOMES PEIXOTO contra a resolución do Concello da Guarda adoptado en sesión celebrada o 18 de decembro de 2013 pola que se estimaba parcialmente a reclamación de reponsabilidade patrimonial presentada polo demandante na suma de 35.872,68 € máis intereses.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado da mesma ó departamento técnico para a súa constancia no expediente e ó departamento de Intervención ó efectos oportunos.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 15 de outubro de 2014 comunicando o auto ditado o día 8 de outubro de 2014 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desestimatorio do recurso de reposición entablado por varios veciños contra o auto do 30.07.2014 ditado pola mesma Sala no recurso contencioso-administrativo nº 6020/96 entablado por D. Eulogio P. Abaleira Cabaleiro contra a desestimación presunta da denuncia formulada ante a Alcaldía de A Guarda para que procedese á demolición das obras de construción de 8 vivendas no baixo da Urbanización A Armona.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido do auto que se comunica, dando traslado do mesmo á oficina técnica municipal para a súa constancia no expediente.

Dase conta da providencia do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra de data 2 de outubro de 2014 sobre a execución da sentenza no procedemento ordinario nº 364/2010.

A Xunta de Goberno Local acorda recurrir dita providencia.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar ata o 31/12/2014 de C.A.C.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar ata o 31/12/2014 de C.T.V.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar ata o 31/12/2014 de A.G.R.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta alta.

Lese o escrito RE 6.169 de data 21 de outubro de 2014, presentado por D. RODRIGO PEREIRA ALVAREZ, con domicilio na rúa Brueira, nº 16 de A Guarda, recurrido o acordo da Xunta de Goberno Local de data 3 de outubro de 2014 e solicitando a media ponderada dos recibos do 2º e 3º trimestre de consumo de auga do obxecto tributario Brueira, nº 16.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal de data 22 de outubro de 2014, acorda anular os recibos de consumo de auga municipal do 2º e 3º trimestre de 2014 correspondentes ó obxecto tributario Brueira, nº 16 e a emisión dun novos pola media ponderada.

Lese o escrito RE 6.121 de data 20 de outubro de 2014, presentado por CEIP AS SOLANAS - NICOLÁS GUTIÉRREZ CAMPO, solicitando que se retire unha canasta que está nas gradás do pavillón do centro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 6.001 de data 13 de outubro de 2014, presentado polo IES A SANGRIÑA, solicitando autorización para usar a piscina cuberta municipal durante todo o primeiro trimestre lectivo para o alumnado de 1º de bacharelato nos horarios establecidos no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de SETEMBRO DE 2014 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Dase conta do informe - proposta do Concelleiro Delegado de Patrimonio do Concello da Guarda para a aprobación do prezo de venda do segundo libro editado polo concello da Guarda sobre a Sociedade Pro-Monte escrito polo historiador local Joaquin Miguel Villa Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, acorda aprobar un prezo público de venda do libro "La sociedad Pro-Monte Santa Tecla (2ª parte: 1928 - 1939)" de 20 euros/unidade.

(Neste momento se incorpora o concelleiro Sr. Lomba Baz)

PUNTO 3.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS MENORES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 4.240/2014. D^a. HERMINIA SONIA ÁLVAREZ ÁLVAREZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 90,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA VELLA E BARROTILLOS DE MADEIRA POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SOBRE ESTRUCTURA EXISTENTE CON REMATE DE CUMIOS, LIMAS E ALEIROS, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE O CASTRO N^o. 21, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "O CASTRO" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.802/2014. D^a. FELICIDAD LOMBA GONZÁLEZ, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR NUNHA SUPERFICIE DE 220,81 M²., CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA ACTUAL E SUSTITUÍLA POR OUTRA TELLA CURVA DO PAIS EN COR VERMELLO, SUXEITA CON GANCHOS E PEGADAS NOS ALEIROS CON MORTERO, SOBRE A ESTRUCTURA EXISTENTE, SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO N^o. 82, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "AS CACHADAS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N^o. 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 4.821/2014. D. FERNANDO PEREZ ALONSO, PARA RETIRADA DE PLAQUETA PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE ILLAMENTO EN FACHADA CON MORTERO TIPO COTETERN NUNHA SUPERFICIE DE 48,96 M² DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE FONTIÑA, N^o 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PUNTO 4.- OUTRAS INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 6.179 de data 21 de outubro de 2014, presentado por VICTOR E ANTOLÍN ESTEVEZ PORTELA, con enderezo a efectos de notificación na rúa Cachadas, nº 1 da Guarda, comunicando ó cambio de arquitecto técnico para a dirección da obra de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Zamar – O Castro (Parcela 1).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.180 de data 21 de outubro de 2014, presentado por VICTOR E ANTOLÍN ESTEVEZ PORTELA, con enderezo a efectos de notificación na rúa Cachadas, nº 1 da Guarda, comunicando ó cambio de arquitecto técnico para a dirección da obra de construción de vivenda unifamiliar no lugar de Zamar – O Castro (Parcela 1).

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 5- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS DE ADAPTACIÓN DE LOCAIS PARA ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras adaptación de locais para actividades:

EXPEDIENTE: 3.532/2014.- BANCO DE SABADELL, S.A., PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA OFICIÑA BANCARIA SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL, Nº 75-BAIXO, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 6.- OBRAS MAIORES

EXPEDIENTE NÚMERO: 2.519/2014.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 12-05-2014 (R.E. nº 2.519), por D^a. ANA KARINA COBALLE TRIGO CON DNI nº 76.904.748-Q e D. JOSE ANTONIO GOMEZ DE SANTIAGO con DNI Nº 76.900.719-N e con domicilio na rúa de Galicia, nº 56-3ºE de A Guarda-C.P. 36780, para "CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, DESARROLLADA EN (PLANTA SEMISOTO E PLANTA BAIXA) SITA NA RÚA DE JOSE ANTONIO LOMBA CAMIÑA, S/N (PARCELA 1), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "SAN ROQUE" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.) segundo proxecto técnico subscrito polo arquitecto D. José Ignacio Peña Chocarro.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PRIMEIRO.- Visto o informe técnico de data 11-06-2014, considérase **favorable** ó outorgamento da licenza de obras.

Unha vez outorgada a licenza **non se poderá començar as obras de edificación** en tanto non se achegue ó Concello:

- Oficio de dirección da obra.
- Oficio de dirección da execución das obras.
- Oficio ou nomeamento de coordinador de seguridade e saúde nas obras.
- Proxecto de execución visado conforme establece o RD. 1000/2010.

Antes do inicio das obras está documentación deberá ser avaliada polos servizos técnicos municipais.

SEGUNDO.- Visto o informe xurídico de data 02-07-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconveniente, polo cal informase **favorablemente**, formulando ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licencia municipal de obras para proxecto básico modificado de vivenda unifamiliar sita na rúa de José Antonio Lomba Camiña, San Roque, Salcidos (parcela 1) a favor de Dna. Ana Karina Coballes Trigo e D. José Antonio Gómez de Santiago, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, debendo esixirse previamente os solicitantes que para o comezo das obras debe aportar proxecto de execución visado conforme o Decreto 1000/2010 e que este conte vo visto bo do arquitecto municipal, tamén os mesmos efectos deberán aportar oficio de dirección de obras, de dirección da execución das obras e de nomeamento de Técnico coordinador de seguridade e saúde, finalmente, imporanse os condicionantes xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, tamén debe suprimirse agora a condición imposta na anterior licencia de data 12-12-2013 derivada da pendencia daquel recurso de apelación, xa que foi resolto en sentido favorable ó Concello, finalmente o acordo que se adopte debe notificarse, ademais dos interesados o **Sr. D. Rogelio Pereira na persoa do seu representante Sr. Abeleira Cabaleiro, con expresión dos recursos procedentes, esto é, ante a Xunta de Goberno Local ou contencioso-administrativo ante o Xulgado de Pontevedra, nos prazos legalmente previstos.**

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **Dª. ANA KARINA COBALLES TRIGO e D. JOSÉ ANTONIO GÓMEZ DE SANTIAGO**, licenza para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" sita na rúa de José Antonio Lomba Camiña, s/n. (parcela 1), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE:**

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a D^a FRANCISCA LIMA ALVAREZ. licenza para AMPLIACIÓN E REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR, SITA NA RÚA DE 1^a TRANSV. ALOQUEIRO, N^o 22, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "SALCIDOS" (ORDENANZA N^o. 7 DO P.X.O.U.) de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas no informe técnico e xurídico.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 7.- LICENCIAS DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por BERRIDY AGENCIA SE SEGUROS, S.L. (RE 4.654 de 11/08/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de AXENCIA DE SEGUROS E CORREDURÍA DE SEGUROS (EPIG. 832) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 18-baixo.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a BERRIDY AGENCIA DE SEGUROS, S.L. licenza municipal nº 28/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de AXENCIA DE SEGUROS E CORREDURÍA DE SEGUROS (Epíg. 832) situado na rúa de Vicente Sobrino, nº 18-baixo.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D^a. ALTAIR RODRIGUEZ CASTRO (RE 6.147 de 20/10/2014) para a apertura dun local dedicado á actividade de AXUDANTE TÉCNICO SANITARIOS E FISIOTERAPEUTAS (EPIG. 836) situado na rúa de Xunqueiriñas, nº 15.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D^a. ALTAIR RODRIGUEZ CASTRO licenza municipal nº 29/2014 para a apertura dun local dedicado á actividade de AXUDANTE TÉCNICO SANITARIOS E FISIOTERAPEUTAS (EPIG. 836) situado na rúa de Xunqueiriñas, nº 15.

Sendo as once horas e corenta e cinco minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.